

A NOSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZON

Na Cruña ó mes, 40 cts.
Coste d'un núm. 15 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.
América, id. 2 »

Pagos adelantados

Redacción e Administración: PASEIO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 78

A CRUÑA 25 DE XANEIRO DE 1919

A TODOL-OS NOSOS COMPATRIOTAS

Conservatorio Nazonal do Arte Galego

Por iniciativa d'un notabre artista cruñés a "Irmandade," d'esta capital, mediante a sua seición de "Cultura e Fala," acordou orgaizare o Conservatorio Nazonal do Arte Galego.

O empeño no pode ser nin mais honroso, nin mais patriótico e comenente. Os ideás galeguistas van conquérindo a estio moitos novos prosélitos d'entrámbol-os sexos. As pubricaciós feitas no noso idioma crescen e son maores en cada data que pasa. O estudo concenzudo dos nosos valores propios veise extendo moito. Temos música autóctona, temos costumes auctoconos, temos unha natureza fermosa e difrente da do resto de Hespaña, unha historia groriosa, unha tradición brillante. Todo isto soilo pode apreciarse na forma axeitada unindo cantos esforzos áchanse espallados, n'un senso d'organización boa e moderna. Todo isto soilo pode ser fecundo apreixoándoo n'unha forma culta d'unidade.

Por iso e para iso nasce o Conservatorio Nazonal do Arte Galego, que de momento loitará co'a falla de meios económicos pero que quizais moi axiña poderá abranguer o nome de centro oficial do Poder autónomo galego.

A nova institución patriótica, que recrama a axuda entusiasta de tódol-os bós fillos da Nosa Terra e que xa conta c'o apoio d'artistas de soa, estará dividida en tres seiciós para o seu millor desenrolo na práctica, Seición de Declamación, Seición de Música e Seición orgaizadora e fomentadora d'exposiciós e concursos d'arte.

Na derradeira figurarán algús artistas autouzados. Na segunda haberá profesores d'Historia das Artes, de literatura galega, d'escenografía e de declamación propiamente dita. E na de Música mestres e axudantes competentes. O Conservatorio disfrutará d'unha verdadeira autonomía e n'él poderán inscribirse firmando unhas matriculas imprentadas cantos o desexen, logo de teren conocidol-os Estatutos pol-os que se rexirán as seiciós.

Xa escomenzaron os ensaios na Seición de Declamación, Vense estudando unha das millores comedias de Shakespeare, "As alegres comadres de Windsor," traducida e arregrada para o idioma galego. Estúdase tamén unha fermosa comedia de Cabanillas: "A mán de Santiña." E teñen ofrecido obras Rey Soto, Fernández Flórez, Xavier Monteiro Mexuto, López Abente, Quintanilla e outros varios notabres escritores da Nosa Terra.

Na "Irmandade," con tal ouxeto vense facendo un esceario adrede para as practicas dos alumnos do Conservatorio. Tamén s'adquiriu un piano.

Agora soilo fai falla que cantos sintan amore pol-as nosas artes axuden á grande obra que a nova e patriótica institución representa.

Para ingresar coma alumnos nas Seiciós do Conservatorio percísase únicamente, según temos xa dito—reclamar unha matrícula imprentada na "Irmandade da Fala," e firmala c'o nome do intresado.

De todol-os xeitos se fai patria galega; pero un dos millores camiños e o do arte.

¡Galegos, a traballarmos todos pol-o erguimento da nosa concencia colectiva! Chámasebos para unha obra d'amore.

¡Terra a Nosal

¡VIVA... HESPAÑA!

(Música da "Marcha de Cádiz")

A Liga Patriótica hespañola—que non sabemos si levará navalla com'as manolas de pandeireta—orgaizada en Barcelona con subención ou sin ela, pois isto non e doado averigual-o, dou un alto exemplo de cultura e d'amore á Hespaña de García Prieto, Romanones, Alba, Sánchez Guerra, Dato, Bergamin, Besada e demais postes do caciquismo.

Coidando aldraxada a santa «unidade nazonal» pol-as protestas que os catalás fixeron contra d'unha cupletista, a Mary-Focela, que ceibaba nun café cántigas roxas e amarelas con mesturanza de verde, adicarronlle un menxaxe patriótico que unha comisión mais patriótica ainda entre-goulle solenemente.

Da monxa das Chagas á cupletista de Barcelona, vai moito. Progresamos, abofé. Xa soilo falla facer rexurdir a «Marcha de Cádiz» naña entre bambalinas e telós, como himno oficial d'Hespaña.

¡Si o P. Claret vovera o mundo! El que ameazaba c'o inferno ás rapazas bailarinas! ¡Si volveran o mundo Pi, Salmerón e Costal! ¿Quén non se sinte fachéndose chamándose hespañol?

CADRO BRANCO

O pobo de Tarragona alritado xustamente contr'o Poncio que o Goberno l'impuniera, obrigouno a dimitire, e inda coma despedida puido agasallal-o c'unhos asobios moi elo-cuentes.

Non sabémol-o nome d'ese gobernador dino de presidire corridas de touros é que debe sere un entusiasta da festa nazonal... do castelanismo.

CADRO MOURO

O Poncio botado pol-o pobo de Tarragona, ven destinado a Ourense. Os catalás dixerón pubricamente que compadecían por tal disgracia á vila das Buigas.

O gobernador que habia N'Ourense, Rodolfo Xil, pol-o menos home de certa cultura, vai pra Tarragona.

Isto é un aldraxe a Galicia.

Tódol-os Poncios sirven pr'ós galegos.

POR PATRIOTEIROS

Galicia ¿e d' España?

¿O Rei? ¡Tampouco o Rei!... ¡que non pode sosterse unha corôa sobre inxustiza e fame!...

Prudencio Rovira

Xa tiñamos esquecido, por moi sabido, o abandono en que sempre tiveron os políticos a nosa querida terra; pro non coñecíamos que tal desconocemento d'as nosas necesidás e d'o noso valer chegase tan outo.

A leutura d' unha conversa que c'o Xefe d'a Naceón tivo o noso paisano Sr. Martínez de la Riva, foi causa de que se m'acurriran istas sinxelas refreusíons.

Cando Galicia ven cramando en deserto por falla de comunicaceós, cando non pasaron de proxecto e se lles puxo toda clase de dificultás a ferrocarrís tan importantes com'o d'Ourense a Zamora, o de Santiago a Cruña y-o d'a costa, por non falar mais que d'os prencipás; n-ista situaceón dí o Rei: «As liñas que preocupan prencipalmente son istas d'o direuto a Francia, o d'o direuto a Valencia, hastra Zaragoza, o de Canfranc, hastra Barcelona, o de Aix Ripoll y-o direuto a Algeciras».

Eu, desconecedor d'a etiqueta palatina, non dudo d'o galleguismo d'o Sr. Martínez de la Riva; pro, parécemo que non sabería conterme sin lle faguer unha piquiniña endicaceón sober d'o ferrocarril direuto de Vigo a París en combinaceón co'a línea de vapores Vigo-New-York. Anque non fose mais que por aquela outra consideraceón que fai o mesmo Rei cando dí que «Hai que ter en conta que si nós non-o faguemos, impondránolo; aínda mais, virán outros a faguelo. Non se trata somente d'os nosos transportes; España non pode ser un tapón.»

Y-entón, Señor, si España non pode ser un tapón ¿pode ser-o Galicia? ¿Ou é que Galicia non figura n-o mapa de España?

Probes de nós os galegos si seguiremos agardando d'o Poder Central a soluceón d'os nosos preitos; pro quedanos o consolo de qu'os tempos son outros e mal que lles pesé virán d'afora a «impoñernos; aínda mais virán a faguernós» os yanquis no só iste ferrocarril de Vigo a Irún, senón todol-os que sexan necesarios pr'o mellor desarrollo d'a nosa industria e d'os nosos produtos. Iso menos teremos que l'agradecer ós zumezugas dos nosos políticos hispañolistas e ós galeguíños primeiro hispañoles que nada,

XAN FOUCIÑO

Madrid, 1919

UNHA CONFERENCIA DE UNAMUNO

Comentarios

Don Miguel de Unamuno dou unha conferencia no Ateneo Mercantil de Valencia sóbor da autonomía. Como sempre, dixo n-esa conferencia moitas cousas co-esa orixinalidade qu'e a primeira condición do seu pensamento, in-queda e paradóxico a cotío.

Temos de facerlle ó sñore Unamuno algús reparos, anque desde logo respetémos o seu dereito a falar d' unha maneira quasi indiscutible, sin coidar que as cousas teñen dúas caras e que compre ollalas detidamente e sin presas. Como queira que na defensa dos nosos ideás non prestamos bellixerancia a toda crás de persoas, pois de ficelo tiñan éstas que pórse a outura duns motivos que non entenden, e ademais obrigaríannos a balzar a un terreo de simprezas que deixamos ás mentalidades burguesas e xalzosas cheas de senso común, n-esta ocasión temos de falar d'abondo. Canto mais outos voan os pensamentos do contrario, en millores condicións se nos ofrece a polémica.

**

O sñore Unamuno, ó falar d'autonomía de Cataluña, pronúnciase sóbor todo contra o uso da lingua catalana, tema no que mais s'afuca, como si unha xeneira especial contra o idioma en que tantas fondas e nobres cousas esquirbeu Maragall leváran a poñerse n' unha actitude recalcitrante respecto ás liberdades da nación irmán. E todo se lle volve falar do idioma hispañol, do idioma comercial, da lingua na que teñen que falar os que trafiquen mercantilmente con países extrañeiros «Yo, que vengo a hablaros—dice—lo hago en castellano, porque es la lengua con que podéis conquistar al mundo.» Este imperialismo de derradeira hora, nun cerebro de tan anchas circunvolucíons com'o do sñore Unamuno, henos súpetamente istrano. Esa frase de conquistar o mundo co castelán, repítea o mestre da xeneración do noventa e oito no desenvolvo da súa peroración, «Conquistar o mundo! Pro ¿qué mundo sñore Unamuno, imos a conquistar? Xa sei que, ó decir eso, olla pró mundo americano, hispano-americano millar dito. ¿E pra qué conquistá-lo? Eu penso que sóbor de todo debéramos nós, os hispañoles, conquistar a nós mesmos, antes de desenvolver unha acción de conquistamento espritoal pra que non estamos preparados, porque Hespaña ven durmindo ó marxe dos problemas mais urxentes e transcendentales do mundo dende fai longos anos non quer salir da súa pregulza sinon pra organizar xuntas patrióticas contra un separatismo patriótico e vital e botarse ás ruas con pendons tarareando a marcha de Cádiz e gritando que vivan os mortos, os qu'están mortos de tod-olos xeitos, nas concencias eraras, no tempo é no espazo. Di tamén o sñore Unamuno que os gallegos emigrados que fundan (?) en Galicia teñen encargado que non s'adeprenda nas escolas o idioma da terra. Non hay semellante cousa; informaron mal ó esgrevio esquirtor vasco. Ademais, o uso da lingua gallega entr'os gallegos non escrye o aprendemento da fala castelán: é só un factor da concencia gallega, por estar mais preto da nosa estrutura íntima, e porque así terían mais eficiencia de expresión as cousas pensadas en gallego. Doutra maneira non somos unha cousa nin outra nin acabamos endexamais de descubrírnos, de encontrárnos a nos mesmos.

Argumentareille, inda mais, «ad hominem, ó sñore Unamuno: Os hispañoles emigrados na América, por moito que fíren castelán, non terán de facer conquistamentos de ningún xénero; pol-o contrario, eles, por non teren persoalidade, son os primeiros conquistados, absorbidos por outro espírito e outras formas sociais. En lugar de ir a «conquistar», sñore Unamuno, son «conquistados.»

Os que enxergamos a conservazón do noso idioma non predicamos a exclusividade. O que ocorre é que, antes de ser outra cousa, arelamos ser nós: pasar do simple ó composto. N-este caso a Natureza non pode ter saltos. E sóbor todo, xa que de fora non ven a nosa redenzón, desexamos nós traela sin que ninguén teña dereito a poñernos pechos no camiño. Unha d'as razóns mais poderosas dos nazionalismos ibéricos militantes é non querer quedar á zaga dos demais pobos do mundo, é levar propiamente o ritmo dos adiantos universales, é non querer seguir xunguidos ó carro d'un Estado hélico e ineficente que, por moito que se chame «símbolo d'unidade», (unha unidade crebada de feito e que, despois de todo, non quer dect nada), non debe, non pode facer morrer a quen quer vivir, a quen sinte pulos de progreso e de forteza. Xa estamos fartos de ser rabo d'un pobre can hortelán, que non come e, o que pior, non deixa comer ós que teñen fame de vida. Contra esa infamia repensada por un fato de políticos que perpetúan no solar de Iberia o clausmo, a desaprensión e o fracaso, en que se axunta a florancia, a catívez y-a ousadía, érguense os espíritos nobres, as almas alumeadas pol-o destelo do ben y-os pobos conscentes. E non vai botar man de rechachíns patrióticos e sentimentalismos de veillas histericasas.

Unamuno dí que xa se crebaba a unidade. Non. A unidade está rota fai tempo, pro era unha rotura pasiva, que agora tócase n' unha actividade que fará forte e fecunda a crebadura. ¿Dende cando houbo realmente en Hespaña unha unidade espritoal, de intereses ou de outro calquera xeito?

Como a montana non ven a nós, porque diante se pon Hespaña, nós queremos ir á montana, y-esta actitude salvará total-as terras do chan ibérico.

«Conquistar o mundo! O mundo conquistese con espírito e con vountades libres—n'an fondo senso de liberdade—con almas atelgadas de vida e outas esprauzas, non con verbas valeiras nin barullos de patriotismo africán,

¿Non será millor que Hespaña se conquira antes a sí mesma?...

ROBERTO BLANCO TORRES.

¿E-o ferrocarril da Costa e os mais ferrocarrís galegos?

E oficial o proxecto de construción d'un ferrocarril estratéxico dende a fronteira francesa a Algeciras.

Tamén hai o proxecto oficial de construción pol-a conta do Estado d'outros ferrocarrís secundarios e estratéxicos en diversos logares de Hespaña.

Nós quixeramos sabere si antr'esos proyeutos de construción de liñas de ferro figura a da Costa que vai do Ferrol a Gijón.

Mas temos medo de que non seña así.

Galicia non asusta ós políticos; Galicia é unha cousa maina, onde a mansedume e a adulación ós oligarcas xa van sendo tradicións.

E o que dicirán os que desgobernan a España:

—¿O ferrocarril da Costa? Boh, e cousa para gallegos e os galleguños poden agardar aínda a tempos millores.

¿Son tan doados a obediencia! ¿Son tan soameillantes ós bois qu'eles levan xungulados ós carridos cantareiros pol-as corredoiras!

¿Non tiveron—sin que ameazasen nunca—completamente illado de comunicacións ferroviarias o Arsenal do Ferrol aínda sendo o primeiro d'España, deica o século XX? E aínda hoxe non viven satisfeitos tendo somente unha cativa liña de ferro que vai dende Betanzos á vila departamental?

¿Qué esté crama o ceo e que somente é concebible nunha Terra podrecida, sin cidadáns e sin vergoña? ¿Qué isto e o mais cristallino sintoma do atraso o do desgoberno d'España?

¡Valche boal!

Abondo nos dan que facer esos condanados de catalás e bascos. ¿Si fosen com'os galleguños? ¿Se fosen coma esos galleguños que din con moita fachenda: primeiro hespañoles e despois gallegos?...

Coma a bonita Galicia non hai outra rexión na España.

¿E aínda falan esos parvos de nazionalistas gallegos?

Os bos galleguños deben seren todos como Manoel Piorete e coma Alfredo Veleta: rexionalistas de García Prieto, de Gasset e aínda de Besada tamén.

FOLLAS NOVAS

Versos gallegos

O médico do Ferrol, Sr. Cabo Pastor que téa acretado en moitas ocasións ser un bó poeta, agora acaba de publicar un libriño de versos feitos no noso idioma, que loubaron xustamente os xornás e que merecen figurar en tódalas bibliotecas das persoas amigas das cousas belas.

O Sr. Cabo Pastor, de quen agardamos aínda froitos mais esgrevios, fixo un bó servizo á literatura galega. Home de moita cultura e de gosto exquisito, namorado dos costumes labregos e das dozuras do noso idioma, demostra seu amor a Galicia ó publicar traballos com'o de que vimos falando.

Reciba a nosa embora cariñosa.

Contos e diálogos

Eugenio Carré Alvarellos é un rapaz que

domiña coma poucos a lingua de Rosalía. Sinte ademais as cousas da Nosa Terra con verdadeiro e fondonísimo entusiasmo. Ten aínda aficións grandes pol-o cultivo da literatura teatral. Foi xa laureado en moito certámes, derradeiramente no d'este boletín. Pol-o mesmo a'é extraño que un libro seu coma o nomeado «Contos e Diálogos», posto a venda dende fai pouco, conquerise un bó éxito de crítica. O señor Carré Alvarellos, que aínda é novo, pode chegar c'o tempo a ser un dos maiores prestixios da literatura galega, sobre todo si conquire o espírito de modernidade no que el casi non cree e que é esencial para o triunfo n'esta época de fracaso absoluto do oitocentismo verbalista, valeiro e oco.

A tempos novos, temas novos ou pol-o menos, visión nova dos temas. Por estes camiños vai a estética universal, «Contos e Diálogos»—pol-o demais—é un libriño moi ameno, moi ben escrito e digno de gabanzas sinceras.

Esperanzas

Eran pombas de brancuras virxinaes
as escumas da ribeira.

Eran pombas que xurdían garimosas,
das azues augas quedas

e, voando, iban pousarse paseniño, docemente,
n'os curutos dos penedos, on bicaban as areas
que, dos marés, escoitando están de cote
as palabras misteriosas da conversa,
da conversa susurrante que resoa tremorosa
cando, brandas, n'o seu seo se arrandeán.
Eran pombas de brancuras virxinaes
as escumas que n'a orela,
reflexaban as rayolas morteciñas
do sol morno que fixia tristemente pra outras terras.

Mesmamente qu'as pombiñas de brancuras

alá dentro me nasceran,
esperanzas que brillaban,
como brillan as escumas que descansan nas areas.
Veu un vento treizeiro
n'unha nube de tromenta,
e o seu sopro foi levando, framente,
as escumas da ribeira.

GONZALO LÓPEZ ABENTE.

Louba do noso idioma

Di o sabio P. Sarmiento no seu famoso *Glosario*:

«A NOSA DOCE LINGUA non merez sere esquecida dos naturás, aínda que vivan moitos anos en rexións moi afonxadas, pois non é para a ter en desprezo nin pol-os castelás palurdos que non-a entenden e sómente falan a súa como un papagayo aprendiz.

A *Voz de Galicia* publicou este trecho

de prosa do P. Sarmiento, dicindo logo pol-a súa conta: «Pareznos que as frases do ilustre frade sintetizan un principio rexionalista ben definido.»

Pois a practicar ese principio colega...

Do momento político

CONSERVADORES EN PORTA?

Pese as correntes actuais que parecen demandaren en tódolos países orientacións democráticas, radicais e fondas, salidas de gobernos esencialmente populares, saturados con ars de rúa, na España, país clásico das viceversas, todo parece indicire que, moi xa, as rendas do mando recaerán no partido conservador. Esi, como de cote, o ingardado, o absurdo, imporase unha vez mais. A realidade, a esmagante realidade dos momentos actuais segurá como non existindo pra os sempiternos mangoneadores da cousa pública. E n'iste momento en que se percibaba unha total variazón de procedimentos e de normas gubernamentais, subirá ó Poder a continua-vergoñosa autuazón do monarquismo hispano, un partido cula característica mais notabre é a do seu reaccionismo antieuropeo; un partido cula masa presenta tódalas gradazóns da variada e mais baixa caciquería española, xa que só elementos d'iste xelto son os que o integran, por mais que, sobor pouco mais ou menos, outro tanto lles acoutza o resto dos partidos—ou *partidas*—monárquicos. E como si no mundo non sucedese nada; do mesmo xelto que si a península Ibérica pertencese a outro planeta que non fose a Terra, voltará a encarrégarse do mando a mesma clientela política que non fai tantos meses foi ceibada do Poder por perturbadora, por tiránica, por pouco axeltada nas suas normas de goberno ó século que corre. Unhos meses de ostracismo gubernamental xa son d'abondo no país da España pra que os mais graves pecados de goberno sexan perdoados. Unha ausencia do mando, por pequena que ela fose, sempre tivo no Estado hespañol a virtualidade suficiente pra convertere en bos a aqueles políticos que por milos foran desbotados. O non disfroute temporal do Poder sempre foi xerdán que limpou e purificou de toda culpa. Tal detalle non se da mais que na España e non seña posible que en ningún outro país se dese; o esquecemento, ista característica española do fácil esquecemento, e o único, lescrutivo orixen de tal detalle. Nes países que non son España a existencia de memoria, o non esquecemento, son causas que impiden o que elqui sucede e que lo poñen como algo imprescindible e primordial o sentimento da vergoña, iste sentimento que caxa solo floresce en anacos illados do territorio peninsular.

Decidida, pois, a *partida* de... caclques, que se chama grupo conservador a recabare pra si o Poder, indiscutiblemente que iste, salvo circunstancias imprevistas que non son d'ingardar, torrá a súa mans, e de novo a tafa de pequenos tras e de cerebros de corcho—culos Dato, Besada e Sánchez Guerra, entre tantos outros—voltará a labrar a *felicidade* do pobo. E todas aquelas castiñas qu'oxa mantien en intera e fon la comeción ós subditos conscentes do Estado hespañol lonxe de seren resoltas, trán aprazándose e agardando até que chegue o momento en que tódalas solucións de paz sexan tardías. A neutralidade vergoñosa e noxenta do conservadurismo exprésase unha vez mais en procedimento do goberno.

E a política funesta de pechal-os ollos e non querer ollar, de tapal-os ouvidos e non querer ouvir seguirá constituíndo toda unha estratexia gubernamental. O non darse por enteirados ten de sere, por algú tempo aínda unha táctica moi sabla de procedemento político-hespañol.

Agora ben, inda que as clientelas políticas non variaron, difícil sería afirmarse outro tanto das masas desgobernadas. Por isto aventurado sería afirmarse que o pobo español, coetáneo da liquidación guerrleira, e o mesmo que aquel que non fai moito tivo que padecer a Sánchez Guerra. E posíbre que aqueles ensalos de *bolcheviquismo legalista e de orden*—dígamolo eisi—practicado pol-o partido conservador na súa derradeira etapa, non poidan sere repeti-

dos. Dende entónces as cousas trocáronse casi radicalmente. As mudanzas mais fondas veñen dende aquela ouservándose ó tempo que a inquietude sube, o malestar esténdese e unha como ebullición ou fervedura d'arelas insaciabres, sempre crecentes, vai pouco a pouco conquerindo a yalma toda do Estado hispano. Chegan—sí é como coidamos—os conservadores en boa época ó Poder. Cícais a súa misión sexa de carauter trascendental e definitivo. Todo induce a crélo eisi. Pois quen sabe si aquela solución que como solución de paz e acougadora d'espritos será buscada pol-as outas mlopias intanxibres, remate por trocárese en solución liquidadora d'un sin querele *statu quo* vergoñoso como poucos.

RAMÓN VILLAR PONTE.

UN CABECILLA

Conto por Valle Inclán

De aquel mufieiro vello e silenxoso que me sirveu de guía pra visitar as pedras célticas do monte Ronria gardo unha lembranza dura, fría e cortante como a neve que coroaba o cume. Cícais mais que as súas fucións, que semellaban talladas en durísimo granito, a súa historia traxica fixo que con tal enerxía ficásemo no pensamento aquela faciana tabacosa que apenas se diferenciaba do pano da monteira. Si pecho os ollos coido fitalo. Era mozo, seco e forte, como o tronco d'unha vide patriarcal; os mechons grisos e demedrados da súa barba lembraban ises lixos de musgo que amostan nas ocacidades dos pómulos as estatuas dos cláustros desgarnidos; os seus beizos de corcho plegábanse con austeira indifrenza; tifi un perfil inmóvil e pensante, unha testa inespresiva de releve exipcio. ¡Non, non-o esqueceréi endexamáis!

Fora un terrible guerrilleiro. Cando a primeira guerra civil, botouse ó campo cós seus cinco fillos, é en poucos días logrou levantar unha gavilla de xente rexa e disposta a batillo cobre. Algunhas veces fiaba o mando da partida ó seu fillo Xuan María e internábase na montaña, seguro, como lobo que ten n-ela o seu cubil. Cando menos se lle agardaba, reaparecía carregado coa súa escopeta chea de ataduras e remendos, traguendo na súa compañía algún mozo aldeán de aspecto torpe e abraladento que, de forza ou de grado, vifia a engrosal-as fias. A ida e á volta, adoitaba a recaere pol-o mufio pra enteirarse de como iban "as familias,, que eran os netos, e das pedras que moían.

Certa tarde vran chegou e hachouno todo en desorde. Atada a un poste da parra, a mufieira desditábase e chamaba inútilmente ós seus netos, que fuxiran á aldeia; o galgo aullaba, con unha pata maltreita no ar; a porta hachabese esnaquizada a culatazos, o gran e a farfía alfombraban o chán; sobor da artesa ollábanse aínda farangullas do xantar interrumpido, e no corral a vella hucha de castifello revolta e destripada... O cabecilla contemplaba aquel desastre sin proferir unha queixa. Despois de ben enteirarse, acercouse a súa muller murmulando con aquela voz desentoadada e caótica do vello xordo.

—¿A que hora vifiron os civies? ¿Cántos eran? ¿Qué lles dixeches?

A mufieira saloucou máis forte. En vez de contestare, desatouse en aldraxes contra aqueles enem'gos malos que tan gran déstrozo fa-

gulan na casa dun probe que con ninguén do mundo se metía. O marido fitouna cós seus ollos cobrizos de galego desconfiado.

—¡Al, demo! ¡Non eres ti a gran condenada que a mín me engana! Ti dixecheslles onde está a partida.

Ela seguía chorando sin consolo.

—Arrepara, home, de que feitura lses verdugos de Xerusalem me puxeron! ¡Atada mesmamente como o Noso S'ñore!

O guerrilleiro repteu, abaneando furioso a escopeta:

—¡A ver como respondes! ¿Qué lles dixeches?

—Pro consideira, home!...

Calou, donando un gran salalo, sin afoutárese a continuare, tanto a impofía a faciana enrugada do vello. El non voltou a insistire. Sacou o couteiro, e cando ela coidaba que iba a matala, cortou as ligaduras, e sin proferir unha verba, empuxouna obríandoa a que o segutse. A mufieira non cesaba de salalar.

—¡Ail! ¡Fillos das mifias entrafias! ¿Por qué me non deixaría queimar en unhas parrillas denantes de decir onde estábades? Vos, como soles. Eu, unha vella cós pes pra' a cova. Percisaba de camiñar mil anos peleginando por camiños e melros pra ter perdón de Deus. ¡Ail meus fillos! ¡Meus fillos!

A probe muller camiñaba anguriada, enredadol-os toscos dedos de labrega na mata cincuenta dos seus cabelos. Si se detifia mesándoos e saloucando, o marido, cada vez máis sobribo, empuxabaa coá culata da escopeta, mais sin brusquidade, sin xenreira, como á vaca mansísima nada na propia cadra, que por acaso cerdea. Saíron da alra aburada pol-o sol de un día de Agosto, e despois de atravesaren os prados do Pazo de Mellas internáronse no fondo sendeiro da montaña, tan fresco coás súas humedades de cova, tan vizoso coás súas sebas de froilido sauco, tan atelgado de ledos surtos coás súas pesadeiras bailarinas, tan ameazador coás súas revoltas i-encrucixadas, tan tráxico coás súas cruces mouras, que lembram algún sanguento suceso, e tan vello, tan vello que até nas laxas tan imprentadas as síñales dos carros, sulcos cheos de auga revolta, que semellan enrugadas da idade labradas século trais século na trocha sobribo, granítica e salvaxe.

Andiveron sin detere até chegare a unha revolta onde s'erguía un retabro de ánimas. O cabecilla encaramouse sobor dun bardal e fitou receloso canto de alí abranguía a ollarse do

camifio. Amartelou a escopeta, e trais de asegurare o plstón, santiguouse con lentitude respeitosa de cristiano vello.

—Sabela, axiónllate xunto ó retabro das benditas.

A muller obedeceu tremando.

—Encómendate a Deus, Sabela.

—¡Al, home non me mates! ¡Agarda tan siquera a saber si aquelas prendas padeceron algún mal!

O guerrilleiro pasouse a man pol-os ollos, logo despendurou do cinto o crásico rosario de doas de madeira, con engaste de aramifio dourado, e deullo á vella, que o recibeu solouzando. Asegurouse mellor sobor do bardal, e marmulou austeiro:

—Está bendito pol-o sñore bispo de Ourense, con indulxenza pra a hora da morte.

El mesmo púxose a rezar con monótono e frío visviseo. De tempo en tempo botaba unha inqueda olleada ó camifio. A mufieira folse pouco a pouco sereando. No venerabel sulco das súas enrugadas ficaban tremecentes as bágoas; as súas mans exitadas por tremor senil, fagufan oscilare a cruz e as medallas do rosario; incrinouse golpeando o petto e bicou a terra con unclón.

—¿Remataches?

Ela xuntou as mans con elsaltazón cristiana.

—¡Fálgase, Xesús, a tua divifia vountadel!

Mais cando ollou ó terrible vello botárese a carabina á cara a apuntar, erguense arripiada e corréu haela él cós brazos abertos.

—¡Non me mates! ¡Non me mates pol-a yalma del...

Sonou o tiro, e caeu en medio do camifio coá fronte furada.

O cabecilla alzou da arela ensanguentada o seu rosario de faucioso, bicou o crucifixo de bronce, e sin detere a carregal-a escopeta, fuxeu en direzón da montaña. Ollara fagufu un momento no outo da trocha, os tricornos enfundados de dous guardias civies.

Confeso que cando o bon Urbino Pimentel contoume esta historia terrible, tremel lembrando a maneira d'abondo inespresiva con que despedía na Venta de Brandeso ó antigo faucioso, farto de acatare a vountade solapada e granítica de aquela esfuxe tallada en vello e lucidio carballo.

CONTRASTES LUMIOSOS

Un coengo da Colegiata da Cruña, don Jacinto Piñeiro, conforme con nós e con cantos compatriotas teñan senso común, publicou un artigo no *Ideal Gallego* demostrando que «Galicia debe ser para os galegos».

Outro coengo da Catedral de Santiago, coengo cuneiro e castelán, c'un estilo de picapedreiro, no mesmo xornal protesta contr'o artigo do Sr. Piñeiro.

Cando en Hespaña haxa xusticia, por obra do novo réxime, ese coengo cuneiro castelán fuxirá co'a música a outra parte.

UNHA CONFERENCIA

Na «Irmandade da Falá» da Cruña dou unha intresante conferencia que xa teñen gabado os xornás, o Sr. Rodríguez Guerra.

Por falla d'espazo non publicamos, sintíndoo na i-alma, algús trechos do elo-cuente traballo do noso amigo.

DO POETA DA RAZA

RIMAS

No mais fondo, no mais fondo
lévote dentro de min:
entrache un día xogando,
por sempre quedache all.

Xa o sabes. ¡Crava o puñal
sin ter compasión de min,
pero non-o enterras molto
porque te podes ferir.

As miñas costas, calada,
chegas nas puntas dos pés,
e co'as mans tápame os ollos
preguntando ¿quén son eu?
Pol-a música da vós
e-as mans que tanto biquél,
pol-o cheiro a rosas frescas
que te envolve, seiño ben;
sel que está detrás de min
o envexado corpo teu,
mais non abonda sabelo
pra poderche responder.
As tempestás que te axitan,
o misterio que ti és,
o que gardas aló dentro...
¡nin o soupén nin o sell

Sin compañeira e-a escuras!
¿Por onde andarán as almas
que non atopo ningunha?

Levanta os ollos ó ceol
Levanto, levanto os ollos
e fito... pero non vexo.

Pra ser feliz é preciso
siguir o camiño reuto...
¿E onde está ese camiño?

Por unha ou outra vereda,
à escape vou pouquiño a pouco,
é o mesmo... todos tropezan.

¿Quén escribiu de moral?
Homes moís bós e moís sabíos
pero... d'impois de xantar!

¡Os adiantos do progresol
Eu canto teña automóvil
xa verel o que hai de certo.

Cando escolto a algúns larchás
*¡Hai que ser honrados!, penso:
*¡Hai que aprender a roubar!,

Me non convén ir ás festas.
Garabullos de legrias,
felxe seguro de penas:

¿Qué por qué tanto loitar?
¡Os baixos queren rubir
e-os de riba rubir mais!

¡Luz, mais luz! Valente engadol
¡Si os nosos ollos non sirven
pra ver o que desexamos!

¿Queres pra o delor remedio?
Déitate a dormir e sofía
que estás d'este mundo lexos.

Curto ou longo, sempre malo,
sollo ten de bó o camiño
que unha vaz soila o pasamos.

Consello que non ten erro:
¡Anque cho pidan por Deus
non dés a ningunha consello!

O pracer vive n'un alto;
rúbese por unha escada,
báixase... pol-o tellado.

Tempos van e tempos veñen;
e-os probes son... calquer cousa,
e son mol bós os que teñen.

Honra, xusticia, bó e malo...
todo se merca a diñeiro
agás o saber gastalo.

A mais grande e-a mais fea
de total-as vanidades
é a vanidá de non tela.

O: pés do Santo Cristo da Amargura,
xuntas van a rezar
nais, mulleres e mozas dos soldados
que combatindo contra o mouro están.

O mesmo rogan, pro ¡qué diferenza
n'esas pregarías hai!

Sofadoras, as noivas din: "¡Señor,
que volte Xenerall,

As mulleres, pensando nos filliños,
rezan murchas: "¡Señor, que volva sán!,
E-afogadas en puro amore, samente
"¡que volva!, din as nais.

R. CABANILLAS.

Mós.

CANTARES

OS CACIQUES

(Orixinaes e inéditos)

O cacique d'o meu pobo
é d'a pel de Barrabás,
xa dará conta de todo
n'o campo de Josafat.

Por mor d'enchet a sua arqueta
non deixa vivir a nalde,
sin doerse d'a probeza
nin d'os que morren de fame.

Xamai-l-as bágoas d'o probe
o moven a compasión,
ind'o recarga se pode
con mayor contrebución.

S'o que non ten pra vivir
lle cheg'a pidir favor,
mándall'a Garda civil
é mal-l-o Recaudador.

E a queima d'estas terras
qu'así ten asoballadas,
e fal qu'os que viven n'elas
fuxan a terras lonxanas.

Por eso contr'ós caciques
hoxe s'ergue unha cruzada
y-hastra acabar co-iles
non hai paz asegurada.

F. SALGADO Y LÓPEZ QUIROGA.

SINTOMAS BÓS

O caciquismo d'Ortigueira en perigo

Escomenza a escacharse, ameazando
c'o derrubamento, o imperio—millor dici-
ríamos taifa—do caciquismo garciprietista
no condado d'Ortigueira. Feito tan cida-
dán, culto e patriótico se lle debe a traba-
lladora e digna vila de Cariño. Xa as

parroquias d'A Pedra e Mera, no distrito
que veñen asoballando e abafando os oli-
garquiñas servidores e servidos por un
cuneiro astorgán, queren tamén constituí-
rense en Concellos, coma Cariño, indepen-
dentes do de Santa Marta.

E no novo e simpático boletín nomeado
El Pueblo de Cariño, limos un artigo que
firma a «Irmandade Nazonalista de Mera
d'Abaixo», un artigo fermoso e esgrevio,
feito sin dúbida por unha pruma cultísima
que copiamos cheos de ledicia.

Di así:

Avivecendo o fogo sagro

No xurnal da vila ortigueira, a falsa sirena
do patriotismo, deixóu ouvire a sua voz atel-
gada, coma de cote, de falsa e trezón.

E a voz de sempre, cos mesmos chorosos
argumentos, có layo chorimiquireiro dos intres-
ses que perigran; é a voz da nay fusca, da
madrastona qu'invoca unha maternidade que
nunca sintiu, que nunca tivo fillos; é nai do
peito enxolt o coma fonte sin auga, que agar-
ma as parroquias ortigueiras con aloumiños
de verba maina, pra que se non decaten das
mágoas sangulientas, producidas pol-as ca-
deas qu'as cinguen n-unha apreixa abafante,
asoballante.

O análisis sereno e razoado do caciquis-
mo galego-garciprietista-astorgano-madrileño,
nunca lle escapóu nin lle escapará, *segura-
mente*, a consecución das milloras d'importan-
cia fundamental pros povos: isto poderá sere
certo. O que non ten dúbida e que os políti-
cos, que coma a escamenta nas cafiotas apodre-
cidas vive apegada a nosa probeza, non fix-
eron nunca cousa algunha das qu'o seu deber
lles impón, y-a xustiza eisixe, y-a dignidade
farta d'agardare reclama con forteza: d'un
selto rexo, barudo.

Nosoutros tamén lamentamos a separación
política de Cariño e Santa Marta; mais por de
riba da *unión política* istá a xuntanza espiri-
tual qu'os mesmos políticos esnaquizaron; por
riba da *unión política* istá a vida do Condado
todo que val mais, molto mais que Santa Mar-
ta; por derriba da *unión política* hai outra su-
perior unión, a unión dos povos libres pol-o
seu mandato, unha unión d-irmandade, de fra-
ternidá sin esquencementos nin postergaciós
de ningún xeito.

A *unión política* é o vello tóxico valeiro e
treidor co que os caciques españoles de to-
dal-as castas, afogan a nosa vitalidade e ases-
nan as nosas enerxías.

A voz esvalda que prega unidade política
hai que opoñer o berro desgarrante, cheo do
sagras cobizas de ¡libertade pr'os povos! e dis-
poñel-as almas e preparare os corazóns no san-
to amore a Mal-Terra pra conquerir isa liber-
tade n-un augusto crebamento de argolas.

Cariño faille falla a Santa Marta, Santa
Marta faille falla a Cariño; todol-os galegos
percisamos unhos dos outros pra engrandecer-
nos na mais estreita das xuntanzas, engrande-
cendo a Galicia, qu'a formamos todos: mari-
ñeiros e labradores, propletarios e comercian-
tes.

Mais no orde das aficiós nin Cariño nin
ningunha parroquia do Condado lle pode ter lei
o Santa Marta, que e pra todos o podre castelo
do vello feudalismo, que cai derrubado baixo
o peso brutal das suas mesmas culpas.

A reflexión na hora da loita sólo se pode
tere pra millor dispoñel-o asalto. Os sacrificios
han sere pra asegural-a victoria e co illa a prela
libertade.

Despois virá a verdadeira unión. A unión das parroquias libérras, a fraternidade das almas ceibes, dos corazóns líbres; a xuntanza xurdia pol-a Irmandade, pol-a comunidade de intereses bazados n-un outo amore a Terra Galega.

Fillos de Cariño: a unión pol-a forza non e unión.

E tranía.

A Irmandade Nacionalista de Mera d'Abaixo.

NATUREZA E ARTIFICIO

AS NAZONS IBÉRICAS

Si mal non lembramos, no R. D. de 30 de mes de Sanmartiño de 1833, pra xustificar a división do territorio hespañol, entr'outras, dábanse as razóns seguintes: "Persuadida (falaba a raíña gobernadora) de que para que sea eficaz la acción de la Administración debe ser rápida y simultánea, y asegurada de que esto no puede suceder cuando sus agentes no están situados de manera que basten a conocer por sí mismos todos las necesidades y los medios de socorrerlos, tuve a bien, al confiaros por mi R. D. de 21 de Octubre el despacho del ministerio de Fomento encargaros que os dedicais antes de todo a plantear y proponerme, de acuerdo con el Consejo de ministros, la división civil del territorio, como base de la administración interior y medio para obtener los beneficios que meditaba hacer a los pueblos."

Sobralamos algunhas palabras pra que se vexa o probe senso d'aqueles tempos, senso que, desfrazadamente, aínda perdura

Todo era mirado ao través d'un medio protector, d'esmoia... algo así como dispensa de mercés, ficando n-o máis degradante esquecemento a eterna verdá de que os pob's sollo poden progresar d'acordo c-as leis biolóxicas.

O decreto a que nos vimos referindo establece, de xeito ukásico, a división d'España, e pra que non haxa dúbidas, trasquríbiremos aquí o artigo primeiro, que a letra dí: "El territorio hespañol en la Península e islas adyacentes queda desde ahora dividido en cuarenta y nueve provincias, que tomarán el nombre de sus capitales respectivas, excepto las de Navarra, Alava, Guipúzcoa y Vizcaya, que conservarán sus actuales denominaciones."

A este siguen seis artigos máis que tratan dos reinos comprendidos en cada provincia, e facendo costar (art. 4.º), "que esta división de provincia no se entenderá limitada al orden administrativo, sino que se arreglarán a ella las demarcaciones militares, judiciales y de hacienda."

Convén ter presente que a principios do século XIX estaba o territorio hespañol dividido en dazaolto provincias, das que catorce, tíñan a denominación de reinos sendo estes: Estremadura, Aragón, Valenza, Gallza, Navarra, Granada, Xaén, Sevilla, Murcia, Córdoba

Non esquezan os viciños de Cariño, A Pedra e Mera, que na Asamblea de Lugo, pidimos os nazionalistas ao Goberno, o establecemento dos concellos pequenos por parroquias.

¡Terra a Nosal!

os das duas Castelas, León e Mallorca; Cataluña e Asturias eran conocidas c-o nome de principados, Vizcaya era un señorío e a outra formábase c-as illas Canarias.

Estas divisións—sirma un sabio tratadista—non eran, polo demais, verdadeiras provincias e a aceptación que hoxe damos a esta palabra; non tíñan intereses pecollares encargados á sua administración por medio de mandatarios elegidos ó feuto, e servían sollo pra distribución dos servícos d'orden foral.

E preciso que se teña ben presente que a actual división provincial foi feita esquencendo e maltratando as antigas nazionalidades que tíñan representado o dominio d-a Península; e tamén debe saberse que a tal división ven a crebar os vínculos históricos d-a unidá d-os qu'outrora foron estados sobranos, e en parte, unido ás parcelas resultado d'esa división, anacos d'outras.

C-a distribución eisi feita pretendíase impór o centralismo burocrático máis desequilibrado e odioso, pro como non era posíbel barrer da memoria nin dos sentimentos as características herdadas da natureza, faes como lingua, usos, costumes, e outros mil pormenores da verdadeira vida, ficando no fondo imperturbable d'esta os espritos das rexións, a realidade d-o nazionalismo flotou cal hucha santa sóbor d-as divisións artificiosas, e até sóbor d-a terrível lousa d'unha criminal uniformidade de cinco séculos.

A sagra e amorosa forza da tradición que impera e autúa n-o espírito de todas as xeracións, non podía consentir o extermínio que en contra d'ela fora decretado, véndose com'un milagre que do deluvio de medidas tomadas pra realizar a uniformidá d-o pobo hespañol, éste afortunadamente gardou forzas abondo impedindo a soicida intención. E así, con tanto orgullo de nazionalistas, podemos ollar como a través de tanto tempo trascurso, os idiomas e costumes de Vasconia, Cataluña, Galicia, etc., etc... desafiaron a proba do tormento a que loucamente foran en m'l' hora sometidos.

Do horroroso naufragio a que foran arrastados os habitantes d'as rexións hespañolas, salron salvados pola inmanencia das forzas dispostas por Deus na grande obra da Nature-

za, e así s'ouberba como pasenñamente, sin sacudidas, sin trastornos, son levados a feliz termo os troques e mudanzas máis radicais eixidos pola eterna lei d-o progreso, o cal sin tales reservas, sería a lei d-o desconcerto.

Nas "Lecciones de derecho constitucional", Alcalá Gallano—dí a este respecto "a pesar de la tremenda y fatal mudanza por que ha pasado aquel pueblo, y a pesar de que durante algún tiempo se trató hasta como delito, digno de ser castigado con la muerte el uso de las palabras que recordaban el Gobierno antiguo, al cual entonces se quería extirpar hasta del pensamiento, todavía se dice de los hombres: "ese es bretón, normando, o provenzal, y no "ese es hijo del departamento de Morbihán, Finisterre, del Calvadó o de las Bocas del Ródano, etc."

As nosas provincias non son unidades naturais, s'ouon verdadeira e simplemente artificios d'unha servil e malfadada cópia francesa, que fixo tanto ou máis dano q'as "modas, da veciña República importadas n'estes derradeiros tempos.

Entendo que será mol comenente que a nosa juventud se decate de que, a pesar de todo, continuarán sendo comarcas reais e verdadeiras contra o actual sistema provincial, as rexións, e que anque os Gobernos—que o dudo—levasen seu celo até as facer desapareceren da Carta geográfica, podemos dicir que non poderían ser extintas.

Santiago de Compostela, Janeiro de 1919.

FRANCISCO VÁZQUEZ ENRÍQUEZ.

Peneirando...

Un fillo de Cobian foi nomeado subsegretario de Facenda.

Os altos cargos n'a Hespaña vella siguen sendo hereditarios.

A pai morto fillo posto. A falla do sogro bo é o xerro. Dispois dos tíos os sobriños e demais parentes.

Unos progresando. E logo fala Ortega Gasset de vergoñosa reconsagración dos perpetuos.

Os señores e señoritos da rexencia valen o que pesan.

¡Viva Hespaña! (música de Churruc).

O conde de Romanones que sirve para todo, incluso para anunciador de películas, élíxese presidente do Ateneo de Madrid.

Derrotá onno unha vez, Pero él salu co'a sua ó fin.

Leu un discurso naquela sociedade. E algúns ateneístas d'inos—des poucos d'inos que van quedando—fixeron protestas públicas contra do Conde que chegou a presidencia do Ateneo com'a do Congreso, a do Goberno, e a tódol-os cargos que tivo: por caquisismo. Rubido pol-a escada das oligarquías orgalizadas para amocaren a Hespaña.

E inda hal quen dí que non foi oportuna aquelas protestas.

Por certo que dimittiu por mor d'elas toda directiva do Ateneo, agás o conde. Vata un lapa frescol!

Pois así son a maioría dos vellos políticos. E xa resulta intolerable que esos vellos políticos usurpen todol-os postos de tódol-os xeitos.

Maura, perside te da Academia, como de-
nantes Pidal. Romanones, persidente do Ateneo.
E así sucesivamente.
Namentras os homes serios de ciencia, de arte,
de fonda cultura..., facendo de comparsas.
Nada mais patriótico que esas protestas
d'unhos, atencistas dínos.
Con licencia da Liga Patriótica de Barcelona
e da cupletista Mary-Focella, símbolo da patria
de Romanones e demais oligarcas "reconsa-
grados".

¿Cómo non contestou Alfredo Veleta o
notable artigo galeguista do crego enxebre e
culto D. Xacinto Piñeiro?
Piñeiro demostroulle a Alfredo que non
sabe senon facer sofismas vateiros de toda
axilidade.
Demostroulle tamén como é compatíbre
co'as leises da Irexá dicir Galicia para os ga-
legos.
¿E Alfredo pasa com'a humbreira maior do
Instituto picoreteiro d'Estudios Galegos?

¿Portugal monárquico? ¿Portugal republi-
cano? Os nazonalistas galegos—créntes hoxe
coma sempre na accidentalidade das formas de
Goberno—seguimos ollando na gloriosa terra
lusitana unha irmá co'a que desexamos aper-
tarnos.

Con aperta eterna ategada d'agarimos.
Queremos porriba de todo, a xuntanza es-
treita de Galicia e Portugal.

O vello réxime hespañol sigue sendo enmi-
go da liberdade dos pobos Ibéricos.

Os vellos políticos hespañoles, en ninqua
ha escelpción, deben ser botados para sempre
do poder pol-a forza da cidadanía.

Son nulos para o ben; son perigosos por
torpes; son a negación de todo progreso.

Vede o caso da Comisión extraparlamenta-
ria que tivo a seu cárrego a feitura do estatuto
rexional.

Resulta que n'esa comisión, onde tiñan po-
sto os políticos vellos de maior prestixio, a ifo-
ranza dos problemas d'España era completa.

Fixeron unha labor tan sabia... que agora
resulta que Cataluña co'a sua Mancomunidad
e co sistema vixente tiña maiores libertades
que logo d'implantárese o estatuto... churro.

¿E os idóneos noxentos dicindo que periga a
unidade hespañola!

Pol-a visto aquí non habla, según García
(Veleta) e Picorete, un organismo idóneo (¿xa
enseñades n'orell?) e capacitado pra intervir
no prelo d'autonomía. E foron eles mesmos
os que se proclamaron idóneos e capacitados.
Xa temos, pois, autonomía... pra andar pol-a
casa.

Pro, non. Esa sedicente capacidade é a mo-
stra d'unha desaprensión que non queremos
calificar porque nos dan lástima e noxo as
posturas desesperadas.

¡Prohibios! Están verdes...

O sñore García (Veleta) era enemigo d'au-
tonomía, e combatiunos un día e outro (as
veces con mala fe e mintindo) con tenacidade
dina de millor causa. Mais agora desde *Estu-
dos galegos* (unha entidade que non é políti-
ca: millor, que non é nada) tamén quer rebu-
llir no problema e xa lle parece unha cousa
xusta e boa a autonomía.

¿En qué ficamos?

Xa son dous todos eles. E co turista de má-
quina fotográfica, o Solá, xa son tres. Este e
mais Veleta, según aquel día, pensan d'un
mismo xeito contr'os nazonalistas e teñen
coincidencias que os fan choutar d'alegría.

Si non tivéramos outras razóns, esa chegábo-
nos pra pensar que estábamos no certo e que
a verdade era con nosco.

¿Pensan o mesmo Solá e García? ¿Gañare-
mos!

Dio-los da y-eles se xuntan...

A manifestación monárquica d'Alfredo
fracasou.

¿Qué disgracia para a familia!

Tipográfica Obrera—Socorro, 2

HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28
O MELLOR SERVIDO

— DE —
M. Losada Prado
A CRUÑA

- Adeus, Fuco.
 - Adeus, Xan.
 - Pra onde vas.
 - Bouche pr'a casa do noso irmán,
- A. Gude, a Rua Real, 59, 1.º, a faguer-
me un fraxe d'aqueles qu'él fai tan
bos e xeitosos.

FRÁBICA MECÁNICA

DE CALZADO DE

— DE —
ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

GRAN FONDA
Las Cuatro Naciones

San Andrés, 102. — A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu desexo de
mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes
reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de
todos.

Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Raina), 21 — LUGO
O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de telé-
fono (núm. 116) e de coche da casa pra
todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

False cárrego de toda
cras de traballos grá-
ficos, en imprenta, lito-
grafía e fotograbado,
ansi coma sellos de
caucho

A Papeleira Galega

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL
DE TODAS CRAS
FOTOGABADO

BARREIRA, 7

A CRUÑA

Teléf. 434

Os viños e coñas millores

son os qu'eiporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez da
Fronteira, fundada en 1737. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouth más selecto

de mundial e reconocida sona é o ZINZANO (Torino).

O Anis do Mono

é un einspréndido licore sin rival

Pra viños de mesa

non hal outros com'os dos cosecheiros eiportadores Sres. R. LÓ-
PEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—
MADRID.

REPRESENTANTE EISCRUSIVO: (mátriculado) de todas istas marcas

José C. Juncosa

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A CRUÑA

Filios de A. Barceló (S. en C.)**MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños selectos da España, oxén, anísados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sosa chamadas

ANÍS DOUS MONOS**RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

LA MODERNISTA**GRAN SALÓN DE BARBEIRIA**

— DE —

RAMOSE ACEA

San Andrés 94, 1.º — A CRUÑA

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos higiénicos. Especialidade en lavabos de cabeza, lociós e fricciós de todas clases.

Nota: N'este estabrecimento atopará o público un servizo permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das máis importantes peluquerías, desta capital.

LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastería de

Xosé Varela

CIRCO, 16 - BAIXO — VIGO

¡GUERRA AOS CALLOS!

Callos, Sabañós e Ollos de galo

cúranse co

Bálsamo Oriental

Premiado con Medalla d'Ouro na Exposición de Buenos Aires

Fabricantes: **Prudencio López e Fillo-Jerez**

Representante: **Manuel Sánchez - A Cruña**

De venta n'as boas Boticas

H. LA PALOMA

— DE —

Ramón Morandeira

Este espréndido establecemento, situado no máis céntrico da poboación, axetado á altura dos millores da súa cras, conta con espazosas e alreadas habitacións, boa e abundante mesa, un servizo puntual e esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 — Santiago

Abonos Químicos Mineraes

Cementos, Sulfato de cobre, Azufres, Caldo

bordelés ROUCH

Rexenerador **ROSTAM** pra os animaes debles, pra que as gallinas poñan máis hovos, etcétera.

Pídanse prezos e condizós a

Fernández, Fano y C.ª — A CRUÑA

Consultorio Médico-Quirúrxico**J. Lastres**

Consulta e tratamento d'as enfermidades en general

ESPECIALIDADES

Piel, (inerciso cáncer, lepra, lupus, e úlceras atónicas) — Peito, Estómago, Anemia, Reumatismo, Artritis deformantes, Neuralgias, Arterio-esclorosis, Parálisis

Electroterapia, Aeroterapia, Seroterapia, Análisis

RAYOS X

Gabinete Isioterápico: Consultas de 10 a 12 Tratamentos e prezos a horas convencionaes.

Non se fai asistencia aos fogares

Praza d'Ourense, 2.º 1.º (esquina a Picavía)

A CRUÑA

FERMOSINDA

Novela en idioma galego, por

FARRUCO PORTO REY

PRESO DUAS PESETAS

Véndese n'a librería de P. Cué e C.ª

RUA REAL, 49 — A CRUÑA


VIÑOS FINOS**RIOXA - MEDOC**

Felipe Ugalde - Haro

Concesionario en Galicia:

WALDO LOSADA - A CRUÑA

a nome de quen deben vir os pedidos da Rexión

**COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servicios directo desde o porto da Cruña

LINEA DE HABANA A VERACRUS

Prezo en terceira á Habana.	Ptas. 298'60
Veracrús	313'60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída, prezos do paxase e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA.— Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.